

OFERTA PARA A ADSCRIPCIÓN EN COMISIÓN DE SERVICIOS DO POSTO DE TRABALLO DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO Nº 15 DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA INSTITUCIÓN DA VALEDORA DO POBO POR MOTIVOS DE URXENTE E INAPLAZABLE NECESIDADE

Por atoparse o posto de auxiliar administrativo nº 15 da Relación de Postos de Traballo da Institución, non cuberto, por estar a persoa adscrita ao mesmo por Resolución da Valedora do Pobo do 6 de xullo de 2022, ocupando en comisión de servizos de carácter temporal, o posto da Unidade de Asuntos Económicos e Réxime Interior (posto nº 11 da Relación de Postos de Traballo), e vista a proposta do Xefe do Servizo de Administración e Persoal, a Valedora do Pobo con data do 22 de decembro de 2023, resolveu:

Primeiro: Iniciar o expediente para a adscrición, mediante comisión de servizos, por motivos de urxente e inaprazable necesidade e ata o momento no que se reincorpore ao posto a persoa adscrita ao mesmo por Resolución da Valedora do Pobo do 6 de xullo de 2022, se provea o posto mediante adscrición por concurso, tendo en caso contrario unha duración dun ano, prorrogable por outro, do posto de auxiliar administrativo nº 15 da Relación de Postos de Traballo da Institución.

Segundo: Publicar na páxina web da Institución, a oferta para a adscrición en comisión de servizos do posto de traballo cuxas características se relacionan a continuación:

- Denominación: auxiliar administrativo nº 15 da Relación de Postos de Traballo da Institución.
- Requisitos: ser persoal funcionario de carreira Grupo D (C2), de calquera Administración pública.
- Nivel: 16
- Méritos que se valorarán: os establecidos no artigo 3 da Resolución da Valedora do Pobo, do 28 de novembro de 2023, pola que se aproban as bases xerais para as convocatorias para a adscrición, polo sistema de concurso de méritos, de persoal das administracións públicas, a postos de traballo vacantes na Relación de Postos de Traballo da Institución da Valedora do Pobo (BOPG nº 614, do 19 de decembro de 2023).

As solicitudes presentaranse única e exclusivamente polo procedemento establecido no artigo 5 da citada Resolución do 28 de novembro de 2023, dende a data da publicación do anuncio na web da Institución, e ata o 8 de xaneiro de 2024.

De considerarse necesario, requirirase mediante correo electrónico, a documentación acreditativa dos méritos alegados á persoa solicitante que obtivesen a maior puntuación declarada, que deberá presentala no prazo de cinco días hábiles, contados a partir do día

seguinte ao da remisión da solicitude por correo electrónico á dirección indicada pola persoa solicitante.

Os datos reflectidos na solicitude electrónica de participación no procedemento serán os únicos que se terán en conta para a valoración. Calquera dato omitido non poderá ser invocado para os efectos de futuras reclamacións, nin poderá considerarse por tal motivo, lesionados os seus intereses e/ou dereitos.

Os méritos e os requisitos específicos para o acceso ao posto deberán posuírse na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes de participación no procedemento.

Todas as comunicacións referidas a este procedemento, realizaranse exclusivamente a través do correo electrónico indicado pola persoa solicitante.

Terceiro: Unha vez valorados os méritos alegados, elevarase polo Xefe do Servizo de Administración e Persoal, proposta de adscrición en comisión de servizos da persoa que obteña a maior puntuación, e a Valedora do Pobo ditará a resolución que proceda, que quedará condicionada á concesión da correspondente autorización da Administración de orixe da persoa seleccionada.

No caso de non obterse a autorización no prazo dun mes dende a solicitude, ditarase nova resolución de adscrición

Santiago de Compostela, na data da sinatura.

María Dolores Fernández Galiño

Valedora do Pobo